



XUNTA DE GALICIA

Escolas Abertas
2025

Programa de
actividades
04-15 de Xullo

Especialidade de Gaita
Mestre: Diego Prieto González

INTRODUCCIÓN

A especialidade de Gaita Galega dentro do marco das escolas abertas é a materia na que o alumnado se forma como instrumentista e acada un amplo coñecemento do instrumento a nivel técnico, musical e de repertorio. Os alumnos e alumnas que acceden á especialidade de gaita galega precisan dominar minimamente o instrumento para poder aproveitar os contidos que se estudaran na edición das Escolas Abertas 2025.

Esta programación ten coma finalidade proporcionar unha formación musical de calidade e garantir a cualificación dos e das gaiteiras asistentes. A programación atende ao marco legal de educación, tendo como base as dos conservatorios dependentes da Xunta de Galicia.

Dado o carácter individualizado das ensinanzas instrumentais, o profesorado desenvolverá a súa estratexia de aula. Seleccionará o material e os recursos didácticos atendendo ás necesidades específicas do grupo de alumnos seleccionados para este curso. En canto á metodoloxía específica, farase unha primeira toma de contacto na primeira sesión para obter datos específicos de forma que poidamos realizar unha avaliación sumativa, partindo dos coñecementos previos. As ferramentas de traballo na aula serán fundamentalmente as pezas, de forma que o alumnado coñeza o repertorio fundamental da música tradicional así como o das cornamusas afíns. Isto completarse con exercicios, estudos específicos etc., para solucionar as distintas dificultades que están desenvolvidas nos obxectivos do curso. O traballo co instrumento completarse coa utilización da frauta rectificada como complemento á interpretación no instrumento.

ÍNDICE

OBJECTIVOS

CONTIDOS

PROGRAMACIÓN

RECURSOS

OBXECTIVOS

- Coñecer a afinación, articulación, ornamentación e tempero.
- Saber preparar e afinar a gaita ou punteiro tanto para tocar solo/a como acompañado/a.
- Adquisición de autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación e a afinación.
- Ter interese polo estudo da gaita e música en xeral.
- Traballar e esforzarse ante as dificultades da aprendizaxe da gaita.
- Tocar con ronco e ronqueta ou chión empregando distintas afinacións.
- Practicar progresiva e permanentemente a memoria.
- Practicar a música colectiva.
- Coñecer o repertorio tanto solista como de conxunto dentro dos diferentes estilos.
- Utilizar con soltura a lectura a primeira vista e a improvisación (Do/Re).
- Interpretar de memoria parte do repertorio traballado.
- Ser consciente da importancia do traballo de investigación da música tradicional, coñecela e preservala.
- Ser capaz de ornamentar unha peza cuns criterios estilísticos propios.
- Adquirir autonomía para solucionar cuestións relacionadas ca interpretación e afinación.
- Ter a capacidade de asimilar as novas correntes estilísticas sen esquecer e comprender tamén as correntes máis tradicionais.
- Practicar todos os adornos traballados e todas as súas combinacións, practicando tamén as diferentes dicitacións que en cada adorno se poden facer (propostas polo profesor e polo alumnado).

CONTIDOS

- O tempero
- A afinación e posta a punto do instrumento
- Estudos dos aspectos formais, melódicos e estéticos das pezas e composicións para gaita.
- Adestramento da memoria.
- Lectura a primeira vista nos sistemas en Do Maior e Re Maior así como nos seus modos menores.
- Técnicas de interpretación e relaxación para evitar o medo escénico.

PROGRAMACIÓN

TEMAS TRANSVERSAIS

As escolas abertas teñen por función formar musicalmente o alumnado. Non debemos eludir responsabilidades, e nas clases de instrumento teñen que estar presentes os temas transversais como: educación ambiental (no noso caso o relacionaremos coa contaminación acústica), educación para a saúde (o noso corpo é o noso instrumento principal), educación para a igualdade de sexos (todas as actividades grupais terán que integrar)... así como os demais temas (Paz e Tolerancia, Moral e Cívica)

EDUCACIÓN EN VALORES

Ademais dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación para o consumo e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades para ser capaz de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

O centro debe contar con algún equipo de conexión á internet. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de son, libros especializados, etc...

Os contidos desenvolvidos neste curso adaptaranse á realidade cambiante que constitúe a diversidade do alumnado. Ademais de

atención personalizada, trátase de aproveitar ao máximo e favorecer o desenvolvemento dos seus dotes innatos, estimular a maduración da súa afectividade e, simultaneamente, por ao seu alcance os medios que lle permitan exercer a súa crecente capacidade de abstracción.

O TEMPERO

- Que é o tempero?
- Diferenzas entre tocar duro e tocar brando.
- Exercicios para mellorar o tempero.

A AFINACION E A POSTA A PUNTO DO INSTRUMENTO

- A afinación: conceptos básicos.
- Afinación natural e temperada.
- Afinación dos diferentes elementos sonoros da gaita galega.
- A palleta: elección e rodaxe da palleta.
- A Palleta: manipulación e traballo da palleta.
- O punteiro: Compensación e afinación con celos.
- Afinación a dúo de gaitas.
- Práctica de exercicios de afinación.

ESTUDOS DOS ASPECTOS FORMAIS, MELÓDICOS E ESTÉTICOS

- A tonalidade: contexto tonal dunha melodía.
- Recursos técnicos da interpretación tendo en conta o contexto tonal da melodía.
- Utilización e combinación de bordóns.
- O fraseo: recursos técnicos.
- Ornamentación galega e ornamentación de outras gaitas.
- A sensibilidade musical.

MEMORIA E LECTURA A PRIMEIRA VISTA

- Práctica de exercicios para a estimulación de memoria musical.
- Lectura a primeira vista

O MEDO ESCÉNICO

- Técnicas de estudo
- Técnicas de relaxación
- O escenario: Dominio do escenario e exercicios previos para unha interpretación de calidade.
- A estética e a expresión corporal: sensibilización cara o movemento do corpo.

PEDAGOXÍA

- Principios da educación musical. Conceptos de educación, pedagogía e didáctica.
- Historia da educación musical.
- Fases do desenvolvemento evolutivo e a súa aplicación no ensino da música.
- As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música.
- Aproximación á didáctica.
- Métodos e sistemas actuais da pedagogía musical.
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula.
- O profesorado como planificador.
- As programacións de aula e as unidades didácticas.
- Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música.
- As novas tecnoloxías aplicadas á didáctica musical.
- O concerto como recurso didáctico.
- Técnicas de motivación e estudo.

DIRECCIÓN MUSICAL

- Coñecer e valorar o papel que desempeña a figura do/a director/a e a súa influencia no resultado musical.
- Perfeccionar a capacidade auditiva no que se refire a aspectos harmónicos, formais, tímbricos, texturais e expresivos.
- Coñecer as principais agrupacións musicais galegas: estrutura, características e aspectos relevantes dende o punto de vista da dirección musical.
- Ampliar o coñecemento de repertorio a través do estudo de partituras e audicións.
- Coñecer e dominar o análise de partituras cunha finalidade interpretativa dende o punto de vista da dirección musical, conformando hábitos e estratexias que poidan ser empregadas tamén no ámbito da interpretación do instrumento.
- Coñecer as principais técnicas de estudo de partituras e os sistemas de ensaio.
- Desenvolver a independencia e control psicomotriz necesario para a técnica de dirección básica.
- Adquirir habilidades e actitudes eficientes, respectuosas e precisas para a dirección dunha agrupación.